

ADEMAIS...

Europa pon en evidencia ao Constitucional co dereito ao voto

Estrea calendario nun novo ano de reivindicacións

Así foi o Campionato de Baristas Down

DOWN GALICIA, UNHA UNIÓN DE FORZAS

20 anos de duro traballo a prol da igualdade e a inclusión social

ÍNDICE

Estrea calendario nun novo ano de reivindicacións	3
Convenio coa Xunta para o estudo do envellecemento	7
Recta final da primeira temporada do <i>OrientaConsello</i>	11
Europa pon en evidencia ao Constitucional sobre o voto	13
20 anos de traballo a prol da igualdade e a inclusión	17
“Como cambiou a miña vida sendo independente”	21
Así foi o VI Campionato de Baristas Down de Galicia	23
Down Galicia forma parte da exposición <i>Capacitarte</i>	25
Os bonos sociais eléctricos contan ca discapacidade	27
Máis noticias?	29
Séguenos!	30

© Publicación da Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación





ESTREA CALENDARIO NUN NOVO ANO DE REIVINDICACIÓNS

A Federación Down Galicia e as súas entidades membro deséxanche un feliz ano 2018. Para festexalo, que mellor que un calendario solidario para manter con enerxía e bo humor os próximos 365 días, apoiando ademais o traballo diario que se leva a cabo nas sete cidades do país.

Aínda estás a tempo de facerte co teu Calendario Down. Como? Aquí as instrucións!

Down Compostela e o seu 21º aniversario

Xogando ao fútbol con Vero Boquete en San Lázaro axudando a Moncho Fernández antes dun adestramento do Obradoiro, falando con Suso de Toro xunto á estatua de Valle Inclán, en brazos de Camila Bossa ou de Ángel Carracedo, tapando con Nerea Barros a unha das formigas do programa de Antena 3, ou de espectadores en Luar.

Son momentos que Eutropio Rodríguez soubo captar nas imaxes que forman parte do calendario “21 anos contigo” que edita Down Compostela con motivo do seu aniversario. O almanaque pódese adquirir na sede da entidade, en formato parede ou mesa, a un prezo de 5 euros.

Down Ourense, ca colaboración do Hospital de Ourense

Nesta edición, Down Ourense conta para o seu calendario coa colaboración do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e dos fotógrafos Mani Moretón e Emilio Romanos, que conseguiron captar coas súas cámaras divertidos momentos das persoas usuarias da entidade traballando man a man con profesionais do hospital ourensá.

Ademais da colaboración do CHOU, foron tamén moitas as empresas da cidade que brindaron o seu apoio a Down Ourense neste proxecto: Angelo Milano, Egatel, Envialia, Imgrafor, Ourenmatel e Redegal.

Este ano a tirada será de 1.400 exemplares: 700 calendarios de parede e 700 calendarios de mesa, que se venderán a 5 € cada un. Os beneficios obtidos coa súa venda irán destinados integramente ós programas de promoción da autonomía que se levan a cabo en Down Ourense.

Aquelas persoas que así o desexen, poderán adquirir o seu calendario solidario na propia asociación e nas tendas Angelo Milano (Rúa do Paseo, 30) e Nuria Vidal (Rúa Concordia, 12).



CONVENIO COA XUNTA PARA O ESTUDO DO ENVELLECIMENTO D@S USUARI@S

Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, e José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, asinaron a finais de ano no Edificio Administrativo de San Caetano un convenio de colaboración que busca a mellora na calidade de vida das persoas coa síndrome de Down durante a etapa do envellecemento.

Este convenio, que alcanzará á Federación 85.000 €, ten por obxectivo o desenvolvemento dun proxecto de prevención e atención ao proceso de envellecemento das persoas coa síndrome de Down no que, partindo do análise, estudo e sensibilización das necesidades do colectivo se fomente a súa independencia e autonomía persoal.

O proxecto incluírá as seguintes actividades:

1. Identificación das características e necesidades sociais, afectivas, intelectuais e físicas relativas á calidade de vida do envellecemento das persoas coa síndrome de Down.
2. Estudo da prevalencia das necesidades detectadas segundo diferentes variables de relevancia: idade, sexo, área xeográfica.
3. Análise da relación existente entre as necesidades detectadas e as diferentes variables obxecto do proxecto de estudo.
4. Contraste das necesidades detectadas cos resultados de investigacións e estudos xa realizados.

Definición dun mapa de necesidades das persoas coa síndrome de Down en relación ás diferentes dimensións de calidade de vida.

Identificación de medidas e liñas de actuación que dean respostas axeitadas ás necesidades detectadas da poboación coa síndrome de Down e que contribúan a mellorar a atención do colectivo en todos os ámbitos.

Difusión dos resultados ós servizos que atenden ás persoas coa síndrome de Down en idade adulta contribuindo a paliar as necesidades detectadas e propiciando unha mellora na atención técnica multidisciplinar.

A media da esperanza de vida das persoas coa síndrome de Down incrementouse significativamente nos últimos anos, chegando incluso a superar os 60 anos.

Os estudos amosan que as persoas con esta síndrome teñen un envellecemento precoz e máis probabilidade de que este sexa patolóxico. Por iso é necesario traballar en torno ao envellecemento activo do colectivo e á súa participación en recursos comunitarios para maiores. Por outra banda, tamén é fundamental avanzar no coñecemento das persoas maiores coa síndrome de Down e das súas particularidades, favorecendo así unha mellor e máis axustada atención.



DALLE AO PLAY! RECTA FINAL DA PRIMEIRA TEMPORADA DO ORIENTACONSELLO

O OrientaConsello, o microespazo mensual en Youtube da Federación Down Galicia dedicado á busca activa de emprego, está a chegar ao final da súa primeira temporada, que culmíra co seu desembarco en Down Vigo.

Desta maneira, desde a última revista, tres entregas foron publicadas, tendo como protagonistas membros de Down Lugo (Isabel) e Down Coruña (Dani e Olalla).

Así, Isabel Casanova explica mellores trucos para afrontar unha entrevista de traballo, mentres Dani Crespo fala das diferentes maneiras nas que se pode enviar un currículo a unha empresa ou oferta laboral. Finalmente, Olalla Conde explica as boas prácticas que podemos realizar no noso día a día no traballo para manter o posto e ser profesionais.

Esta iniciativa da Federación reivindica a inclusión e a filosofía colaborativa da rede, compartindo con todas aquelas persoas que o desexen consellos e trucos que as axuden na complicada tarefa que supón atopar un traballo.

Desta maneira, persoas usuarias das distintas entidades Down de Galicia tratan a través de vídeos breves e divertidos diversos temas do mundo da Orientación Laboral.

Nº9: Trucos para a entrevista de traballo, por Isabel Casanova



Nº10: Como enviar un currículo, por Dani Crespo



Nº11: Como manter un posto de traballo, por Olalla Conde



O PARLAMENTO EUROPEO PON EN EVIDENCIA AO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

O presidente do Parlamento Europeo, Antonio Tajani, asegurou, en relación co dereito ao voto das persoas con discapacidade e coas necesaria accesibilidade universal para exercelo en igualdade de condicións, que “non é unha cuestión de solidariedade, senón de liberdade”.

Nestes termos manifestouse Tajani durante o ‘IV Parlamento Europeo das Persoas con Discapacidade’ (EPPD), celebrado en decembro na sede da Eurocámara en Bruxelas, organizado polo Foro Europeo da Discapacidade (EDF, polas súas siglas en inglés), e que contou coa presenza dunha delegación dunhas 60 persoas do movemento da discapacidade española organizada en torno ao CERMI.

“Esta Cámara debe ser un exemplo de accesibilidade e inclusión. En 2019 todas as persoas deben poder votar libremente”, comentou o presidente do Parlamento Europeo, quen puxo en valor un programa piloto en Madrid que conta coa participación da ONCE para que poidan votar en igualdade de condicións as persoas cegas.

Nesta liña, a comisaria de Emprego e Asuntos Sociais, Marianne Thissen, declarou que “hai que crear unha Europa que respecte a Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade”. Ademais, resaltou a importancia de adoptar as decisións que afectan as persoas con discapacidade traballando xunto ao tecido asociativo, apuntando que “nada por vós sen vós”.

Pola súa banda, o presidente do Foro Europeo da Discapacidade, Yannis Vardakastanis, aproveitou a súa intervención para preguntarse “Somos cidadáns as persoas con discapacidade? Se non votamos, desde logo que non seremos cidadáns de pleno dereito”.

Entre as intervencións, destacan tamén as de dúas mulleres con discapacidade. En concreto, María Piñeiro, de Plena inclusión, lembrou que en España hai unhas 100.000 persoas que non poden exercer o dereito ao voto por razón de discapacidade intelectual, enfermidade mental ou deterioración cognitiva, polo que pediu acabar con esta situación canto antes. Mentres, Nerea Cuervo exclamou que “somos persoas, e moi capaces. Temos dereito a elixir os nosos gobernantes e a ser tamén elixidos”.

Durante o EPPD, a representación da discapacidade europea aprobou por unanimidade un manifesto con propostas para as próximas eleccións europeas de 2019. No devandito documento, o dereito de sufraxio ten unha importancia fundamental, pois se esixe “unha Europa onde os procesos electorais sexan plenamente accesibles e onde as persoas con discapacidade teñan dereito a participar plenamente na vida política e pública”. Para iso, o EDF reclama devolver o dereito ao voto a todas as persoas con discapacidade que non o teñen recoñecido por unha sentenza de incapacitación, así como que se garanta a accesibilidade dos procesos electorais (material electoral, centros de votación, etc.).

O congreso dos deputados, tamén a favor de terminar coa privación do dereito de sufraxio

Un mes antes, todos os partidos do Congreso dos Deputados mostráronse a favor de admitir a trámite a Proposición de Lei de reforma da Lei do Réxime Electoral Xeral (LOREG) elevada pola Asemblea de Madrid, co fin de terminar coa privación do dereito de sufraxio que soportan miles de persoas por razón de discapacidade intelectual, enfermidade mental ou deterioración cognitiva.

Esta modificación pretende eliminar a posibilidade de que nos procedementos de incapacitación legal os xuíces poidan privar do dereito de voto a determinadas persoas por motivos asociados á súa discapacidade, o cal é unha violación dos dereitos humanos das persoas con discapacidade establecidos na Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, que España ratificou en 2008. A teor desta Convención, ningunha persoa con discapacidade en ningún caso pode ser desposuída do seu dereito ao voto.

A Proposición de Lei que chegou ao Congreso recolle que “as persoas ás que se lles limitara ou anulara o seu dereito de sufraxio por razón de discapacidade quedan reintegradas plenamente no mesmo por ministerio da Lei”. A reforma legal entraría en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE).



DOWN GALICIA CELEBRA 20 ANOS DE DTRABALLO A PROL DA IGUALDADE E A INCLUSIÓN SOCIAL

É ben seguro que o 2018 será un deses anos que a Federación Down Galicia gardará no recordo, xa que estes días da comezo o seu 20 aniversario. 20 anos desde o nacemento da organización nos que nunca se deixou de traballar a prol da igualdade e a inclusión social.

Foi alá polo 1998 cando familias de varias asociacións de toda Galicia decidiron unirse para canalizar as demandas do colectivo de persoas coa síndrome de Down ante a Administración e para aportar solucións que contribúisen a acadar a equidade da súa situación na sociedade.

Desde o seu nacemento, o obxectivo prioritario da Federación foi conseguir que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais conseguisen as altas cotas de autonomía posible para levar unha vida autónoma, tomar as súas propias decisións e formar parte da sociedade dunha maneira visible e inclusiva.

A historia de Down Galicia e as súas entidades mostra como, nos seus inicios, estaban baseadas no voluntarismo e a voluntariedade dunhas familias que buscaban un novo e mellor futuro para os seus fillos e fillas. E como foron profesionalizándose cada vez máis e crescendo de forma exponencial apoiadas desde as diferentes administracións e por financiadores cada vez máis comprometidos.

Nos seus comezos, a Federación daba servizo a apenas 200 familias, número que creceu ano tras ano ata chegar ao momento actual, no que Down Galicia están a beneficiar a máis de 600 persoas e as súas familias en todo o país mediante programas de atención temperá, inclusión educativa, formación e emprego, vida adulta e independente e un traballo transversal fundamentado nos dereitos das persoas con discapacidade. Pero pese a triplicar a atención, na actualidade as entidades membro da Federación ven limitada a súa capacidade e non poden chegar a atender a todas as persoas que o solicitan.

Este ano cúmprense dúas décadas de intenso traballo, de logros e progresos. A inclusión real na sociedade está a deixar de ser unha utopía para converterse nunha realidade. Pero aínda queda moito camiño por percorrer. Nestes vinte anos, Down Galicia e as súas entidades membro nunca deixaron de loitar, xunto con todos os estamentos sociais, para conseguir este obxectivo.

“Afortunadamente, os casos de exclusión social estanse a reducir desde hai dúas décadas, pero queda moitísimo traballo por facer. Aínda nos atopamos con importantes barreiras no ámbito educativo, no laboral ou no dereito que teñen, coma calquera outra persoa, a vivir a vida que eles decidan”, di Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia.

A Federación conta cun modelo de traballo propio, marcado polo compromiso social a favor da inclusión e a participación das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais na súa contorna.



“COMO CAMBIOU A MIÑA VIDA SENDO INDEPENDENTE”

Con motivo do recente Día Internacional das Persoas con Discapacidade, Teima Down Ferrol quixo pór en valor as experiencias de vida independente das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, como é o caso de Cristobal. Este membro de Teima é o protagonista dunha reportaxe producida por Down Galicia onde se explica a súa experiencia de vida independente baseada no sistema de apoios, polos que vai obtendo autonomía para desenvolver a súa vida da maneira que el decide.



ASÍ FOI O VI CAMPIONATO DE BARISTAS DOWN DE GALICIA

O restaurante Porta Faxeira (rúa do Franco, 50) acolleu o domingo 12 de novembro, a celebración do VI Campionato de Baristas Down de Galicia que organizaron Cafento, Fundación Down Compostela, Asociación Down Vigo e Pousadas de Compostela.

O establecemento compostelán encheuse para observar as calidades como baristas de doce mozos e mozas de Down Compostela e Down Vigo coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Un xurado profesional foi o encargado de valorar as súas distintas propostas.

Finalmente, o equipo de Santiago levou os premios de Mellor Espresso e Mellor Cóctel; mentres que o conxunto de Vigo venceu na categoría de Mellor Capuccino.

Os profesionais baristas da escola de Cafento Diego López e Tamara Rey, en Santiago, e Enrique Salgueiro, en Vigo, encargáronse de formar aos integrantes dos dous equipos.

Os Campionatos Baristas Down, nados en Galicia no ano 2012 e coorganizados por Cafento e a Fundación Down Compostela, son unha iniciativa pioneira no mundo que busca visibilizar ao colectivo de persoas coa síndrome de Down en termos positivos, dar unha formación profesional especializada a persoas deste colectivo e facilitar a súa inserción no mercado de traballo con prácticas laborais en establecementos de hostalería. Actualmente celébranse tamén noutras comunidades autónomas españolas.




DOWN GALICIA FORMA PARTE DA EXPOSICIÓN CAPACITARTE

Desde o último mes do pasado ano está aberta ao público a mostra fotográfica “Capacítarte: así somos, así o facemos”, aloxada nas dependencias centrais da Xunta de Galicia en San Caetano. Impulsada polo Cermi Galicia, a exposición conta con dúas fotografías de cada unha das súas entidades membro, entre elas Down Galicia, onde se pon en valor a diversidade e as capacidades das persoas con discapacidade.

Na presentación da mesma estiveron presentes o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, así como representantes das distintas entidades de discapacidade.

Consciente de que aínda queda moito por facer, o presidente do executivo avogou por seguir estreitando a colaboración coas entidades e sumando esforzos para multiplicar os resultados. Neste sentido, subliñou que este é o obxectivo principal desta exposición do Cermi, unha mostra a prol dunha Galicia inclusiva e igualitaria.

Agora, ao longo do ano irán pasando polo espazo desta exposición as mostras do traballo de cada unha das entidades que agrupan e defenden ás persoas con discapacidade física e intelectual, coa finalidade de que os logros que acadan cada día non queden relegados a un segundo plano.



Paneis de Down Galicia na exposición conxunta

OS BONOS SOCIAIS ELÉCTRICOS XA TEÑEN EN CONTA A DISCAPACIDADE

Por primeira vez, as familias que teñan algún membro con discapacidade e sexan consideradas consumidores vulnerables poderán ter beneficios engadidos no seu consumo de enerxía eléctrica. O pasado mes de outubro, entrou en vigor o Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, que regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

Esta nova norma xorde respondendo a unha reclamación da sociedade que, desde hai anos, demanda a posta en marcha de medidas para contrarrestar a pobreza enerxética na que se atopan moitas familias.

Para que un consumidor de enerxía eléctrica poida ser considerado consumidor vulnerable e poida acollerse a este bono social deberá cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Que a súa renda (no caso de vivir só) ou a renda conxunta da familia á que pertenza sexa igual ou inferior: a 1,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) de 14 pagas, no caso de que non forme parte dunha unidade familiar; a 2 veces o índice do IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa un menor na unidade familiar; e 2,5 veces o índice do IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa dous menores na unidade familiar.

- Estar en posesión do título de familia numerosa.
- Que o propio consumidor (no caso de que viva só) ou todos os membros da unidade familiar que teñan ingresos sexan pensionistas do Sistema da Seguridade Social, percibindo a contía mínima e non perciban outros ingresos.

Se, ademais de cumprir estes requisitos, o consumidor ou algún membro da familia ten unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, incrementarase o IPREM en 0,5 para cada un dos tres casos.

Se es consumidor vulnerable e queres solicitar o bono, podes consultar a Orde ETU/943/2017 na seguinte ligazón.



MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para lelas!

Xuntos acada 8 novas insercións laborais no último trimestre do ano

O último trimestre do ano traeu moi boas novas a varios membros de Down Pontevedra “Xuntos”. Ata oito insercións tiveron lugar en empresas coma Arume, Distribuciones Froiz, McDonalds e Serviocio, Ingeniería Sincofa, Panadería A’Devesa e Alcampo.

A curta “Sin mis manos” de Down Coruña, galardoada cun dos Premios Solidarios ONCE Galicia 2017

O xurado dos Premios Solidarios ONCE Galicia outorgou á curtametraxe “Sin mis manos” de Down Coruña e Ainé Producciones o premio na categoría de Comunicación. A curta está interpretada por dous mozos da asociación e ten como artista principal ao actor Federico Pérez.

A xerente do CHUS e Down Compostela abordan vías de colaboración conxunta

Eloína Núñez, xerente do CHUS de Santiago, e Juan Martínez, presidente de Down Compostela, abordaron en decembro vías de colaboración conxunta, como a mellora na atención temperá e no establecemento dun protocolo para dar a primeira noticia aos pais e nais que teñen un bebé coa síndrome de Down.

SÉGUENOS!



DownGalicia.org



Facebook.com/DownGalicia



Twitter.com/DownGalicia



Youtube.com/DownGalicia



Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no e-mail comunicacion@downgalicia.org.



20
anos

DOWN
Galicia

Membros de Xuntos, con documentación da oposicións